

RED DE PUEBLOS
DEL SURF

CATÁLOGO DE
ACTIVIDADES SOSTIBLES
TEMATIZADAS DE

surf e gastro nomía



INTRODUCCIÓN 04

MAPA 04

CATÁLOGO. O territorio 05

● CARBALLO 06

- Produtos
- Feiras
- Carballo nun día. Dúas experiencias únicas para descubrir a súa esencia
 - *Da fariña á mes. Carballo a través do pan*
 - *Ondas, sabores e cores. A esencia de Carballo*
- Eventos de surf

● MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL 12

- Produtos de Ferrolterra
- Feiras
- Ferrolterra nun día. Descubre o encanto das rías
 - *Sabores de mar e ondas da historia*
 - *Historia, surf e sabores de Ferrolterra*
- Eventos de surf

● CASTRILLÓN 18

- Produtos
- Feiras
- Castrillón. Industria, natureza e autenticidade
 - *Surf, tradición e patrimonio industrial*
 - *Surf e natureza salvaxe*
- Eventos de surf

● RIBAMONTÁN AL MAR 24

- Produtos
- Feiras
- Ribamontán Al Mar nun día. Entre cantís e a Llanura Litoral
 - *Entre ondas e cantís. Sabores do mar*
 - *Ondas, historia e paisaxe*
- Eventos de surf

● GETXO 30

- Produtos
- Feiras
- Getxo nun día. Mar, historia e sabor
 - *Das ondas ao Flysch: esencia de Getxo*
 - *Surf, pintxos e historias: vive Getxo desde o mar ás súas raíces*
- Eventos de surf



CATÁLOGO_Receitas 36

- Raia frita e patacas “da Tilla”37
Tatiana Varela Fernández. Carballo, A Coruña (Galicia)
- A sardiña molla o pan38
Tatiana Varela Fernández. Carballo, A Coruña (Galicia)
- Vieira frita con fariña de millo sobre emulsión de cebola tenra, touciño de porco celta e xamón crocante. .39
Miguel A. Campos. Restaurante A Gabeira, Valón, Ferrol (Galicia)
- Choco da ría á Ferrolá con arroz estufado40
Miguel A. Campos. Restaurante A Gabeira, Valón, Ferrol (Galicia)
- Arroz con boletus 41
Macarena García. Casa Nuevo. Pillarno, Castrillón (Asturias).
- Borrachinos.42
Pilar Bottamino. Casa de comidas La Esperanza. El Puerto (Asturias)
- Risotto de cachón na súa tinta43
Cociñeiro: Alfonso Ruigomez. Bonobo Bar Restaurante. Barrio La Pola, Suesa (Cantabria)
- Albóndegas de bonito.44
Cociñeiro: Alfonso Ruigomez. Bonobo Bar Restaurante. Barrio La Pola, Suesa (Cantabria)
- Arroz cremoso de vieiras e carabineiros.45
Javier Izarra. Restaurante Tamarises Izarra. Muelle de Ereaga, Getxo (Vizcaya)
- Suprema de pescada con cigaliña albardada e o seu consomé46
Javier Izarra. Restaurante Tamarises Izarra. Muelle de Ereaga, Getxo (Vizcaya)

INFORMACIÓN PRÁCTICA..... 47

- CARBALLO..... 48
Praias / Escolas de surf / Como chegar / Onde durmir / Turismo de Carballo
- MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL..... 50
Praias / Escolas de surf / Como chegar / Onde durmir / Turismo de Ferrolterra
- CASTRILLÓN 53
Praias / Escolas de surf / Como chegar / Onde durmir / Turismo de Castrillón
- RIBAMONTÁN AL MAR..... 55
Praias / Escolas de surf / Como chegar / Onde durmir / Turismo de Ribamontán Al Mar
- GETXO..... 58
Praias / Escolas de surf / Como chegar / Onde durmir / Turismo de Getxo



Intro



Benvida, benvido, á Rede de Pobos do Surf, unha iniciativa dos concellos de Carballo, Castrillón, Ribamontán Al Mar, Getxo e a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol. Cinco destinos que comparten a paixón polo surf, a beleza das súas paisaxes costeiras e a riqueza das súas tradicións. Este catálogo é un convite a mergullarse na diversidade e singularidade de cada territorio, onde a natureza, a cultura, e a gastronomía crean experiencias inesquecibles.

O noso obxectivo con esta guía é ofrecerche propostas que combinen a práctica sostíbel do surf coa posta en valor dos recursos locais, fomentando un turismo respectuoso coa identidade de cada lugar. A través destas rutas e actividades, búscase desconcentrar o turismo das zonas máis coñecidas, achegándose a espazos interiores que gardan auténticos tesouros. Ao mesmo tempo, promovemos a colaboración entre comunidades, impulsando iniciativas que beneficien tanto ás persoas visitantes como ás que habitan cada lugar.

Prepara a túa táboa de surf, o calzado cómodo e as ganas de descubrir. Este catálogo guía está deseñado para inspirarte e axudarte a planificar xornadas cheas de aventura, sabor e conexión co medio.

Dálle a benvida a un mundo de ondas, sabores e paisaxes que non esquecerás.



O TERRITORIO





CARBALLO

Situado no corazón da Costa da Morte, Carballo combina a forza das súas ondas co carácter auténtico da súa gastronomía e as súas tradicións. As súas praias, como Razo e Baldaio, son un paraíso para os surfeiros, mentres que o seu mercado e a súa oferta cultural conectan aos visitantes cos sabores locais e a historia do territorio.



Produtos de Carballo

Carballo, no corazón de Bergantiños, é un territorio onde a tradición e os produtos de calidade se convértense en sinais de identidade. Entre os seus emblemas gastronómicos destaca o afamado **pan de Carballo**, elaborado a partir do trigo da comarca, que dá como resultado un produto recoñecido en toda Galiza. Este mesmo compromiso coa tradición tamén se reflicte na **empanada**, preparada con múltiples recheos e que fai as delicias dos padais máis esixentes.

Para os amantes do doce, **o pan de ovo** é unha alternativa irresistible. Semellante ao roscón de Reis, este produto está dispoñíbel durante todo o ano, sendo perfecto para acompañar calquera celebración ou merenda especial.

E como non podía ser doutro xeito, a riqueza da Costa da Morte tamén chega a Carballo a través dos seus **peixes frescos**. Procedentes dos portos de Razo, Caión, Malpica, Laxe, Corme e mesmo da lonxa da Coruña, estas capturas son un reflexo da conexión do territorio co Atlántico, ofrecendo o mellor do mar en cada bocado.

En Carballo, cada produto é un convite a descubrir a historia e os sabores dunha terra que aposta pola excelencia.





Feiras de Carballo

As feiras en Carballo son un reflexo vivo da súa cultura e tradición, un espazo onde se mesturan os mellores produtos locais coa hospitalidade da súa xente. Desde o mercado semanal ata eventos destacados ao longo do ano, estas citas ofrecen unha oportunidade única para descubrir os sabores da comarca de Bergantiños, a artesanía e a vitalidade dun territorio orgulloso das súas raíces.

Mercado de Carballo

(Pz. do Concello s/n).

Nel poden atoparse produtos da zona (pan, patacas, peixes da Costa da Morte, carnes de gandeiros locais, legumes e verduras).

L-V de 08-14 e de 17-22h,

S de 8.30-14h; D de feira de 8.30 a 15h

Mercado tradicional

Nel atópanse produtos de horta e excedentes. Todos os xoves, nos arredores do mercado.

Feira (2º e 4º domingo de mes) e Feirón (5º domingo de mes)

Mercado con produtos de alimentación, roupa, calzado, complementos, artigos para o fogar, etc.

Festa do Berberecho en Baldaio

(agosto)

Festa gastronómica de exaltación do berberecho



Carballo nun día: dúas experiencias únicas para descubrir a súa esencia

Carballo é un destino que combina natureza, cultura e gastronomía, ofrecendo vivencias inesquecíbeis para todos os gustos. Presentámosche dúas propostas ideais para aproveitar ao máximo un día nesta terra de contrastes: desde rutas que conectan coas tradicións locais até experiencias que mesturan arte, sabores e paisaxes únicos. Escolle a túa aventura e déixate sorprenden pola maxia de Carballo.



Da fariña á mesa: Carballo a través do pan

Descubre Carballo desde unha perspectiva única, seguindo os pasos dun dos seus produtos máis emblemáticos: o pan. Este percorrido invita a vivir unha experiencia que combina tradición, sabor e cultura. Comeza a xornada no mercado municipal, onde a actividade cotiá e os produtos locais contan historias dun pasado e presente cheo de autenticidade. Participa despois nun obradoiro de elaboración de pan artesanal, aprendendo os segredos que fixeron deste alimento un símbolo da comarca.

Despois dunha parada para xantar nalgúns dos establecementos que traballan os produtos locais, a xornada culmina cun paseo pola Ruta dos Muíños de Pan. Este percorrido, de 8,5 quilómetros e baixa dificultade, transcorre ao longo do río Anllóns, unindo os antigos muíños que marcaron a historia da produción de fariña na zona. Unha oportunidade única para conectar coa relación entre a auga, a terra e o pan que define a tradición de Carballo. Esta experiencia, que une o pasado e o presente, é perfecta para os amantes da natureza, a gastronomía e a historia.



Ondas, sabores e cores: A esencia de Carballo

Vive Carballo desde tres perspectivas fascinantes: o dinamismo das súas ondas, a riqueza da súa cociña local e a creatividade da súa arte urbana. Comeza o día cunha clase de surf na praia de Razo, onde as súas ondas ofrecen un escenario perfecto tanto para iniciarse como para perfeccionar a técnica. Despois, desfruta dun xantar que combina os sabores máis auténticos da terra con produtos locais de proximidade.

Para pechar a xornada, adéntrate no mundo do muralismo co proxecto Derrubando Muros. Desde 2013, esta iniciativa de arte urbana transformou Carballo nun museo ao aire libre, con paredes, muros e edificios que contan historias a través de propostas artísticas variadas e innovadoras. Durante o percorrido, descubrirás como estas intervencións rexeneraron espazos deteriorados, enchendo o concello de vida e cor. Se visitas Carballo na primavera, poderás atoparte co Rexenera Fest, un festival de arte urbana de prestixio internacional que reúne muralistas de renome e actividades complementarias para todos os públicos.

Unha experiencia única que une natureza, sabor e arte nun só destino.





Eventos de surf en Carballo

WSL Cabreiroá Junior Pro Razo (setembro)

Prestixioso evento de surf dirixido a xoves talentos. Reúne promesas do surf de todo o mundo.





MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

A Mancomunidad está composta polos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño.

Ferrolterra ofrece unha experiencia única, onde as ondas do Atlántico, a tradición mariñeira e a beleza da súa paisaxe costeira converxen. Desde os mariscos frescos das súas rías, até os espazos históricos e naturais, este territorio é un punto de encontro entre a cultura, a gastronomía e o surf.



Produtos de Ferrolterra



Pemento do Couto

Son froitos da especie *Capsicum annuum* L, cunha carne de textura fina, sabor doce, lixeiramente herbáceo e sen picor. Están amparados pola IXP Pemento do Couto.

A partir de finais de xuño



Mariscos, polbo e peixe

Diversa variedade de marisco (ameixa, zamburiña, berberecho, ostras...), polbo e peixe, procedente das confrarías e lonxas da zona.

Todo o ano.



Pan de Neda

Ten a súa orixe na necesidade de o abastecer ao persoal vencellado á base naval e estaleiros da ría, aproveitando a fariña moída nas augas do río Belelle. As “bolachas” mantíñanse comestíbeis durante varias semanas. Todo o ano.



Feiras de Ferrolterra

As feiras e mercados de Ferrolterra son o mellor escaparate dos produtos da comarca, e un reflexo vivo da súa tradición. Mariscos e peixes frescos, xunto cos produtos da horta, conectan coa esencia desta terra mariñeira, que celebra festas de exaltación gastronómica únicas.



Mercado da Magdalena (Ferrol)

Na nave da Peixería atópanse peixes e mariscos, en función da tempada; e noutra nave aloxa carnizarías, postos de hortalizas e froitas. L-S de 05.00 a 16.00 h, e domingos de feira (terceiro domingo do mes) de 07.00 a 15.00h.

Mercado Municipal de Ares

Postos variados de produtos de alimentación, que inclúen verduras e hortalizas, peixes e carnes. L-V de 08.00 a 15.00h.

Mercado de San Telmo en Mugardos

Gran oferta de produtos, incluíndo froitas, verduras, carnes e peixes.

Feira da pataca de Valdoviño

(anual, agosto)

Feira: Feira de Neda (quincenal), Feirón de Neda (mensual), Feirón de Cedeira (mensual), Feirón de Santa Icí - Narón (mensual), mercadillo de Perlío - Fene (quincenal), mercadillo de Valdoviño (mensual), mercadillo de Ares (semanal), Feira do 21 - Cabanas (mensual).

Festas gastronómicas

- Festa do polbo e Mugardos (xullo).
- Festa do pan de Neda (agosto-setembro).
- Festa do percebe de Cedeira (agosto).
- Festa mariñeira de Fene (agosto).
- Festa do marisco de Ferrol (marzo).
- Festa do pemento do Couto en Narón (xullo).



Ferrolterra nun día: descubre o encanto das rías

Ferrolterra combina a beleza do Atlántico máis vivo coa tranquilidade das súas recollidas rías. Nun só día poderás descubrir a súa esencia a través de experiencias que mesturan o sabor dos seus produtos locais, o impacto da súa historia naval e a conexión coa natureza. Propoñémosche dous percorridos que celebran a cultura, o surf e gastronomía deste territorio.



Sabores de mar e ondas de historia: Experiencia en Ferrolterra

Embarca nunha viaxe por Ferrolterra, onde o mar conecta tradición, gastronomía e surf. Comeza o día explorando a Confraría de Barallobre, onde coñecerás o traballo das mariscadoras e o proceso de sementado, produción e venda da ameixa, berberecho e outros mariscos da zona. A continuación, degusta o emblemático polbo á mugardesa no Porto de Mugardos, acompañado dun viño da terra.

Prosegue a xornada cun paseo en barco pola ría de Ferrol. Durante a travesía, descubrirás a historia naval da ría a través das súas paisaxes únicas, con vistas aos castelos de San Felipe e A Palma, que xogaron un papel clave na defensa costeira. Finalmente, remata a xornada no Museo do Surf de Valdoviño, un espazo único dedicado á cultura das ondas e o seu impacto na identidade local. Unha ruta para saborear, explorar e aprender.





Historia, surf e sabores de Ferrolterra

Descubre a esencia de Ferrolterra nunha xornada que combina historia, aventura e gastronomía. Explora os restos das baterías de costa en Montefaro, situadas nun enclave estratéxico con vistas espectaculares ás rías de Ferrol e Ares, e testemuñas do legado histórico naval da comarca.

Despois desta inmersión histórica, diríxete á icónica praia de Pantín, recoñecida internacionalmente por albergar algunhas das mellores ondas do mundo e ser o epicentro do surf en Galiza. Para culminar este día único, desfruta dunha cea degustación, onde os produtos de proximidade e a creatividade gastronómica converxen para reinterpretar os pratos tradicionais, convertendo cada bocado nunha homenaxe aos sabores locais. Unha experiencia que conecta pasado, presente e futuro nun entorno incomparábel.





Eventos de surf en Ferrolterra

WSL Abanca Pantín Classic Galicia Pro (outono)

É un dos eventos de surf máis emblemáticos de Galiza e do panorama mundial do surf. Desde os seus inicios, nos 80, atraeu surfistas internacionais, téndose convertido nunha cita esencial do circuíto mundial WSL.

Gadis Longboard Festival (xuño)

Mundial WSL de Longboard. A modalidade máis clásica de surf celébrase na praia da Fragata, con actividades complementarias.





CASTRILLÓN

Castrillón, terra de ondas e paisaxes inigualábeis, ofrece unha conexión única entre a natureza e a tradición. Desde as praias de Salinas e Bayas até a Mina de Arnao e os sabores únicos da cociña asturiana, este territorio combina a aventura coa riqueza do seu patrimonio cultural e gastronómico



Produtos de Castrillón



Castrillón é un destino onde o mar e a montaña atópanse na súa gastronomía. Os seus **peixes e mariscos do Cantábrico**, xunto cos de río como **a troita, o salmón ou a angula**, destacan pola súa frescura. A fabada ou pote asturiano son pratos imprescindíbeis, igual que as sobremesas, entre as que destacan os frixuelos, o **arroz con leite**, o **requeixo** ou as **casadiellas**. E para acompañar, nada mellor ca unha boa **sidra**, símbolo de Asturias.





Feiras de Castrillón



Mercado semanal de Piedras Blancas

Celébrase os mércores, inclúe postos de alimentación, roupa e rastro.

Mercado Ecolóxicu de Raíces

Terceiro sábado de mes, entre maio e outubro. Postos de alimentación e produtos ecolóxicos



Festas gastronómicas

- **Concurso Gastronómico de Tapas de Setas** (outubro – novembro). Organizada pola “Asociación Gastromicológica El Yesqueru”.
- **Famous Wine Festival** (xuño). Festival de viños famosos da Comarca de Avilés, coa participación de varios establecementos de Castrillón.

Castrillón nun día: industria, natureza e autenticidade

Castrillón ofrece unha experiencia única onde se mesturan as ondas do Cantábrico coa esencia dunha vila marcada pola súa historia industrial e a súa natureza auténtica. A través destas rutas dun día, descubrirás paisaxes costeiras de gran beleza, probarás a súa gastronomía local e te mergullarás na autenticidade dun territorio que combina tradición e modernidade.



Surf, tradición e patrimonio industrial

Adéntrate na historia e cultura de Castrillón cunha experiencia que combina deporte, gastronomía e patrimonio industrial. Comeza a xornada na emblemática praia de Salinas, un paraíso para os amantes do surf, onde as ondas ofrecen un reto perfecto tanto para principiantes como para expertos. Desfruta despois dun xantar tradicional asturiano, no que a sidra e os pratos locais serán os protagonistas.

Culmina o día cunha visita guiada ao Museo da Mina de Arnao, o primeiro complexo mineiro submarino de España. Coñecerás o funcionamento da mina, explorarás os seus túneles e pasearás polo poboado obreiro do século XIX, revivindo a memoria da historia mineira asturiana.





Surf e natureza salvaxe

Vive a conexión coa natureza indómita de Castrillón nunha xornada que mestura a adrenalina do surf coa tranquilidade dos seus espectaculares paisaxes costeiras. Comeza na praia, cunha sesión de surf adaptada a todos os niveis, onde poderás gozar das ondas mentres sentes o poder do Cantábrico. Ao mediodía, regáláte un menú degustación que destaca polos sabores de proximidade, cunha cociña que honra os produtos locais.

Pola tarde, prepárate para unha inmersión na biodiversidade coa ruta guiada interpretativa pola costa. Partindo do Playón de Bayas, o areal máis longo de Asturias, camiñarás entre cantís e vexetación autóctona, desfrutando das mellores vistas á Illa de Deva e á súa contorna protexida, un espazo cheo de vida e beleza natural.





Eventos de surf en Castrillón

Salinas Longboard Festival (xullo)

Festival Longboard Surf e Skate en Salinas que leva máis de 20 edicións e foi declarada Festa de Interese Turístico. Inclúe programación musical e rastro de surf, entre outras actividades.

Surf, Music & Friends (agosto)

Festival gratuíto de deporte, sostibilidade e ocio arredor da cultura do surf. Inclúe actividades de divulgación e infantís, música, cinema, presentacións e competicións deportivas.





RIBAMONTÁN AL MAR

Ribamontán Al Mar é un destino imprescindible para os amantes do surf e as paisaxes espectaculares. Aquí, praias emblemáticas e os impresionantes cantís do Cantábrico complementanse cunha rica tradición gastronómica baseada nos peixes e mariscos frescos da rexión.



Produtos de Ribamontán Al Mar



Peixes e mariscos

Especies variadas, incluíndo robalizas, cabrachos, bocartes e sardiñas (sardiñas asadas, pescada en salsa verde, maganos encebolados). Nos mariscos destacan os percebes e as ameixas. Todo o ano.



Vacún

É a carne por excelencia de Cantabria, criado nos seus verdes pastos con técnicas tradicionais. Entre as preparacións máis populares atópanse o chuletón e os estufados.



Feiras de Ribamontán Al Mar



Feria Agroalimentaria de Ribamontán Al Mar (Galizano, maio)

Nesta celebración anual, poderás explorar unha ampla exposición e venda de produtos locais de Cantabria, desfrutar de degustacións que destacan os sabores da rexión e participar en talleres. E todo ilo, amenizado con actuacións musicais que animan a xornada.

Ribamontán Al Mar nun día: entre cantís e a Llanura Litoral

Ribamontán Al Mar é o destino perfecto para desfrutar dunha xornada chea de experiencias únicas. Este territorio cántabro combina praias ideais para o surf, paisaxes diferenciais e unha rica oferta gastronómica que conquista até os pais máis esixentes. Con estas dúas propostas poderás descubrir o seu encanto e conectar coa súa esencia mariñeira e rural.



Entre ondas e cantís: sabores do mar en Ribamontán

Descubre a esencia de Ribamontán Al Mar cunha proposta que mestura a enerxía do surf, o maxestuoso dos seus cantís e a riqueza da súa gastronomía mariñeira. A aventura comeza pola mañá, desafiando as ondas nunha das súas praias icónicas, de augas cristalinas e unha paisaxe que crea o ambiente ideal para conectar co Cantábrico.

Tras a actividade, é o momento de gozar dun menú degustación inspirado no mar, co peixe como gran protagonista.

A xornada culmina cunha ruta polos cantís costeiros, onde a natureza amosa o seu lado máis salvaxe e impresionante. Desde os seus miradoiros, contemplarás vistas panorámicas que capturan a inmensidade do Cantábrico. Unha experiencia inesquecible!.





Ondas, historia e paisaxe: Ribamontán Al Mar.

Este percorrido convídanos a vivir un día cheo de contrastes, onde o surf, a cultura e a natureza se entrelazan de maneira única. Comeza a xornada cunha emocionante sesión de surf nas súas praias para desfrutar da emoción das ondas que rompen entre dunas e cantís.

Continúa explorando o Santuario de Nuestra Señora de Latas, un lugar cargado de historia, espiritualidade e arte sacra. E tras un xantar a base de produtos locais, finaliza a xornada cun tranquilo percorrido pola Llanura Litoral, un paraxe único que conecta o mar e a terra.





Eventos de surf en Ribamontán Al Mar

Surf Open

Un dos eventos máis importantes e lonxevos do panorama surf nacional (organizado pola Escuela Cántabra).



Campionato de España Universitario (CEU) Surf

Celebrou a súa primeira edición 2024, e xunta estudiantado chegado de diversos territorios.





GETXO

Getxo, coa súa mestura única de cultura, deporte e gastronomía, convida a explorar as súas ondas, saborear os seus pintxos e descubrir a súa historia a través de rutas polo Puerto Viejo, a Ponte Biscaia e os seus paisaxes costeiros. Unha experiencia que combina modernidade e tradición nun entorno incomparábel.



Produtos de Getxo



Pintxos

Ruta dos pintxos, na que se pode desfrutar dunha gran variedade de elaboracións, desde os pintxos máis tradicionais ata as creacións máis innovadoras. Todo o ano. No seguinte enlace atopamos unha proposta de bares de pintxos: <https://i.gal/pintxosgetxo> (pdf)



Peixes

Getxo especialízase polos seus peixes á grella, unha selección de peixe fresco perfectamente cociñado con ese toque especial que só a grella pode ofrecer. Todo o ano.



Feiras de Getxo

BIO Getxo (Feira de Agricultura Ecolóxica) (setembro)

Trata de promover a produción e consumo saudábel de produtos ecolóxicos (froitas, hortalizas, queixos, marmeladas, pan, aceites, kombucha e txakoli).

ITSAS FEST (Festival del Mar de Getxo)

Catas e talleres gastronómicos, actividades de aventura, etc.

Mercado de San Lorenzo en Getxo (10 de agosto)

Feira na que se expoñen e venden produtos de caserío. Tamén se fan concursos de hortalizas, queixos e plantas (Pz. San Nicolás de Algorta).





Getxo nun día: mar, historia e sabor

Getxo, coa súa riqueza natural e cultural, ofrece experiencias únicas a quen a visita. Estas dúas rutas que che propomos, lévante desde as emocionantes ondas ata a formacións rochosas únicas, sen esquecer os da exquisita gastronomía e as historias locais. Descubre o verdadeiro espírito de Getxo con estas rutas inesquecíbeis.



Das ondas ao Flysch Biscaia: esencia de Getxo

Somérxete na esencia e riqueza de Getxo cunha experiencia que combina deporte, gastronomía e natureza. Comeza o día surcando as ondas da praia de Barinatxe / La Salvaxe, un lugar ideal para os amantes do surf, tanto principiantes coma expertos. Despois dunha mañá chea de adrenalina, continúa cunha ruta de pintxos polos mellores bares locais, onde cada bocado é unha homenaxe aos sabores máis auténticos de Euskadi.

A continuación, adéntrate no Flysch Biscaia, unha xoia xeolóxica formada durante millóns de anos. As súas impresionantes formacións rochosas, que se estenden ao longo da costa, son un verdadeiro paraíso para os amantes da xeoloxía e a fotografía. Ao longo desa costa, descubrirás puntos históricos como o Muíño de Aixerrrota, unha construción singular con vistas privilexiadas, ou o forte de La Galea.



Surf, pintxos e historias: vive Getxo desde o mar ás súas raíces

Explora Getxo nunha xornada que combina aventura, gastronomía e cultura. Inicia o día desafiando as ondas na emblemática praia de La Salvaje. Despois de gozar do mar, participa nun taller de cociña en familia, onde poderás descubrir algúns dos segredos culinarios locais. A continuación, deleita o teu padal cun menú degustación que recolle os sabores máis auténticos da rexión, ofrecéndoches unha experiencia gastronómica única.

Descobre a maxestosa Ponte Biscaia, Patrimonio da Humanidade pola súa impresionante arquitectura e historia. E para completar a túa xornada, viaxa ao pasado cunha visita teatralizada ás orixes do Puerto Viejo, unha experiencia inmersiva que che permitirá coñecer de preto a historia marítima e as tradicións de Getxo.





Eventos de surf en Getxo

Punta Galega Challenge (outono)

Aproveita a onda única que se forma en La Galea. É recoñecida por ser unha onda xigante que chegou a estar no calendario mundial deste tipo de eventos.


Surf Film Festival

O festival ofrécenos unha selección do mellor cinema de surf internacional. Ademais das sesións de cinema, o festival conta cun amplo programa de actividades gratuítas como exhibicións deportivas, unha marcha solidaria, obradoiros, concertos e un montón de sorpresas máis.





AS RECEITAS





Raia frita e patacas “da Tilla”

Cociñeira: Tatiana Varela Fernández. Carballo, A Coruña (Galicia).

Ingredientes: 400 gr. de raia limpa // 225 gr. de fariña de trigo + 100 gr. // 330 gr de cervexa Estrella Galicia // 5 gr. de lévedo químico // 20 gr. de vodka // 500 gr. de aceite de xirasol // 2 ovos cocidos // 2 pementos do Piquillo / 3 cogombros encurtidos (pepinillos) // 3 patacas de Coristanco pequenas // 1 corazón de leituga // Sal.

Ingredientes (adobo): 120 gr. de vinagre // 100 gr. de zume de limón // 2 dentes de allos pelados // Pirixel fresco picado.

Elaboración:

- 1_Limpar a aleta da raia, sacar os dous lombos sen espiña e cortar en 4 anacos. Meter no adobo durante 2 horas.
- 2_Facer a maionesa cun ovo cocido, os pementos do Piquillo, sal e limón e montar con *túrmix* engadindo pouco a pouco o aceite de allada. Picar o outro ovo e os cogombros encurtidos en cadrados pequenos e mesturar coa maionesa.
- 3_Pasar brevemente as patacas por auga e, con pementa, aromáticas e un pouco de aceite, envólvelas en papel de aluminio. Asalas a 190°C durante 30 – 40 minutos. Opción máis “á Tilla” será asalas á brasa sen lavar e sen pelar.
- 4_Limpar o corazón de leituga en auga con xeo e limón 10 minutos. Escorrer ben, cortar en 2 e aliñar con aceite virxe, vinagre de Xerez, alfábega, sal e guindilla picada fina.
- 5_Nun bol mestúrase a fariña co lévedo e o sal, e por último engádense os alcohois até que se consegue unha masa homoxénea.
- 6_Escurrer os anacos de raia do adobo e enfariñar cos 100 gramos de fariñas restantes. Sacudir o exceso e introducir na masa. Fritir en aceite de xirasol ben quente. Sacar do aceite a un papel absorbente.



A sardiña molla o pan

Cociñeira: Tatiana Varela Fernández. Carballo, A Coruña (Galicia).

Ingredientes: 500 gr. de sardiña // 500 gr. de xeo // 500 gr. de auga // 250 gr de viño branco D.O. Ribeiro // 200 gr. vinagre de viño // 100 gr. de vinagre de Xerez // 125 gr. de sal // 3 tomates // 1 lata de olivas negras // 2 rabanetes // C/S manteiga // C/S pel de limón // 1 tallo de hortelá // 1 litro de aceite de oliva virxe.

Elaboración:

- 1_Preparamos dous recipientes con auga e xeo. Introducimos toda a sardiña nun durante uns minutos, para quitar as escamas raspando cun coitelo e sacar a tripa e a cabeza. As limpas bótanse noutro recipiente. Logo sácase a espiña e os dous lombos.
- 2_Para a mariñada trituramos sal, xeo, os vinagres, o viño e a auga e e deixa nesta sobre 5 – 6 horas. Depende do punto que gusten, poden deixarse máis tempo.
- 3_Mentres tanto, córtanse en chouchiñas dun centímetro de grosor unha barra ou bola de Pan de Carballo, úntase cun pouco de manteiga ou cunha noz queixo do País, e se enforna a 190°C uns 15 minutos.
- 4_Retíranse as sardiñas da mariñada e consérvanse en aceite de oliva virxe até cubrir. Engadir un pouco de fiúncho para aromatizar.
- 5_Pélanse e córtanse os tomates, en *concassé*, e as olivas negras nunha *brunoise* fina, mestúranse e aliñanse ao gusto.
- 6_Previo a montar a tosta, córtase a sardiña laminada, escóllense un par de brotes de hortelá e se pica moi fino o rabanete e a pel do limón.
- 7_Montamos tomate e oliva, por riba o lombo de sardiña e alternando o rabanete. Para que en cada bocado poidan atoparse todos os sabores, poñemos a aromática e pel de limón.



Vieira frita con fariña de millo sobre emulsión de cebola tenra, touciño de porco celta e xamón crocante

Cociñeiro: Miguel A. Campos. Restaurante A Gabeira, Valón, Ferrol (Galicia).

Ingredientes: Unha vieira // Fariña de millo (de muíño) // Touciño de porco celta // Un lisco de xamón // 2 ceboliños // Aceite de oliva virxe Arbequina // Aceite de sementes para fritir.

Elaboración:

- 1_Pochamos o ceboliño, trituramos e rectificamos de sal.
- 2_Metemos no formo o xamón a torrar. Cando estea crocante, rompémolo en anacos.
- 3_Poñemos sal á vieira, pasámola pola fariña de millo e fritímola.
- 4_Para o empratado, na cuncha da vieira poñemos un pouco de puré de ceboliño, a vieira fritida e sobre ela unha lámina de touciño, o xamón crocante e un chorriño de Arbequina.



Choco da ría á Ferrolá con arroz estufado

Cociñeiro: Miguel A. Campos. Restaurante A Gabeira, Valón, Ferrol (Galicia).

Ingredientes: 4 chocos pequenos // 1 dente de allo // 1 cebola // Aceite de oliva virxe extra // Viño branco // 1 folia de loureiro // Verza galega // 200 gr. de arroz bomba // 100 gr. de nata // 50 gr. de manteiga.

Elaboración:

- 1_Cocemos a verza galega, reservamos para despois salteala.
- 2_Nunha pota pomos un chorro de aceite, o dente de allo en láminas, a cebola en xuliana. Cando estea pochado ,separamos do lume e pómoslles os chocos, o loureiro e o chorro de viño branco. Todo isto debería pasar da metade do choco. Tapamos e estufamos 8 minutos desde o momento en que comeza a ferver. Pasado ese tempo sacamos os chocos da tarteira e trituramos o restante sen o loureiro.
- 3_Cocemos o arroz, dúas partes de auga e unha de arroz. Unha vez cocido, botámolo na Thermomix xunto coa manteiga, a nata e todo o que tiñamos triturado de ter estufado os chocos. Rectificamos de sal e pasámolo por un coador de arame fino para meter despois nun sifón.
- 4_Montaxe: pomos un pouco de verza xa salteada en pequenos montóns polo prato. Por riba dela a emulsión de arroz estufado e despois o choco en anacos. Decoramos cun crocante na súa tinta e flores.



Arroz con boletus

Cociñeira: Macarena García. Casa Nuevo. Pillarno, Castrillón (Asturias).

